

## **F.G.JUDO E D.A.**

1. A Federación Galega de judo e deportes Asociados, de agora en diante F.G.Judo e D.A., é unha Entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con patrimonio propio e independente dos seus asociados, que se rexe pola Lei 3/2012, do 2 de abril, Xeral do Deporte de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, polos seus propios estatutos e regulamentos debidamente aprobados e polas demais disposicións legais ou federativas que resulten aplicables con total garantía dos principios democráticos e representativos.
2. A F.G.Judo e D.A., é unha entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Asemade posúe personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, ademais das atribucións de seu exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo como axente colaborador da mesma.
3. Son competencia da F.G.Judo e D.A. as actividades relacionadas co Judo, Jiu-Jitsu Aikido, Wu-Shu, Kendo, Nihon Tai Jitsu e Defensa Persoal. Das sete especialidades deportivas enumeradas, o Judo é a principal. O Kendo comprende dous probas que son o IAIDO e o JODO. O Wushu unha que é o TAICHI-CHUAN.
4. A F.G.Judo e D.A. está integrada polos Clubs, as seccións deportivas, os Deportistas, os Técnicos, os Xuíces e os Árbitros co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuír ao desenvolvemento do Judo e dos seus Deportes Asociados.
5. A F.G.Judo e D.A. ostenta tamén, con carácter exclusivo, a representación da Federación Española de Judo e Deportes Asociados, na que está integrada, cuxos estatutos acepta e obrígase a cumprir no que non se opoña aos presentes Estatutos e demais disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **FUNCIÓNS**

- a) A convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade deportiva e a designación dos deportistas que as integren.
- b) Colaborar coas administracións públicas e coa Federación Española na promoción do Judo e dos Deportes Asociados.
- c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d) No seu caso, e de conformidade coa normativa que sexa de aplicación, colaborar e/o organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores e árbitros segundo a normativa vixente.
- g) Conceder: Kyus, Cintos Negros e demais graos e titulacións no ámbito das súas competencias.
- h) Contratar o persoal necesario para o cumprimento das súas funcións.
- i) En xeral, cantas actividades contribúan ao desenvolvemento e mellora do Judo e dos Deportes Asociados

Os actos adoptados pola F.G.Judo e D.A. no exercicio das funcións propias ou delegadas de carácter administrativo son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

## **FUNCIONES PÚBLICAS DELEGADAS**

Son funcións públicas delegadas, en réxime de exclusividade:

- a ) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas do Judo e dos Deportes Asociados, de conformidade con a normativa que lle sexa de aplicación.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas nos termos establecidos nesta lei.
- d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria de acordo á lei, aos estatutos e aos distintos regulamentos. Executar as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- g) Executar, no seu caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- h) Colaborar coas administracións públicas na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte.
- i) Calquera outra que regulamentariamente se determine ou lle sexa atribuída pola lexislación.
- j) As funcións públicas delegadas serán exercidas pola F.G.Judo e D.A. baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente, procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando esta atópese en situación concursal.
- k) A F.G.Judo e D.A. exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da Administración deportiva.